



# A Rede coutada polas cadeas do copyright

Belén Puñal Texto

A Rede corre perigo de deixar de ser o que era: libre e neutral. Unha intensa campaña dos internautas conseguiu que o Parlamento europeo se negase a que, co gallo da protección dos dereitos de autor, se lles puidese cortar internet aos usuarios sen autorización xudicial previa.

O adaxo da seguridade, hai tempo xa que o Gran Irmán pousou a vista en internet. Agora, xa non é a persecución do terrorismo ou a pornografia infantil a que serve de escusa para a vixilancia de quen navega pola Rede, senón a protección da propiedade intelectual e a loita da industria audiovisual, das xestoras de dereitos de autor e dos gobernos contra o que cualifican de piratería. Por detrás, unha intensa contenda de intereses económicos. A última batalla está servi-



da: Queren sancionar o intercambio gratuíto de arquivos protexidos pola propiedade intelectual a través de internet, e as estendidas redes P2P, cortando o acceso á Rede e sen previa autorización xudicial.

Este mes de maio os eurodeputados votaron "non" ao paquete Telecom, un conxunto de disposicións lexislativas en materia de telecomunicacións no que se establecía que se puidese cortar o acceso a internet ás e aos usuarios sen previa autorización xudicial. Foi unha vitoria

para os internautas mais non definitiva. O poder do Parlamento europeo é limitado e a decisión dos eurodeputados provisional: precisa contar ainda co beneplácito dos responsábeis de telecomunicacións dos gobernos estatais, do que sabremos en xuño. Ademais, a sintonía entre entidades de xestión de dereitos, gobernos e industria audiovisual á hora de loitar contra as descargas

gratuítas na Rede protexidas por dereitos de autor, e da que é bo exemplo España –o goberno estatal quere poñerlle couto no primeiro semestre de 2010–, fan do P2P unha guerra que aínda ten varios capítulos por escribir.

"Nun lado da balanza hai un montón de internautas que, como moi, falan do tema e protestan, empregando o seu tempo libre. No outro, os lobbies más poderosos do mundo defendendo o seu poder e cun acceso ao poder político de primeira man", explica



De esquerda a dereita, Víctor Domingo, Carlos Sánchez Almeida e Enrique Dans

Enrique Dans, profesor en Sistemas de Información. O Parlamento europeo semella, porén, terse resistido a intereses privados e negouse, xa por tres veces, ás restricións en internet mediante a aprobación da emenda 138/46-135. O que ten unha sobre importancia. Por tratar o acceso a internet como un dereito fundamental e por ser un caldeiro de auga fría para aqueles países que apostaban por que fora a propia Administración, sen garantía de mediación xudicial, quen sancionara ás e aos usuarios.

## Perigo para as liberdades fundamentais

Francia vén de aprobar o pasado mes de maio a lei Hadopi: de finalmente materializarse o previsto na lexislación, será un organismo administrativo quen ordene o corte de internet aos usuarios reincidentes no intercambio de arquivos protexidos. En España, as negociacións, propiciadas polo goberno, entre operadoras de comunicacóns e sociedades xestoras de dereitos de autor, van na mesma liña: a necesidade de crear un ente administrativo que monitorice aos usuarios e os sancione de comeñteren infracción.

Os movementos de peza de industria e gobernos foron, porén, denunciados polos internautas como un ataque directo aos dereitos e liberdades fundamentais. “A pretensión dos titulares dos dereitos de explotación de autor é precisamente que se cambien as leis para permitirles perseguir o que hoxe por hoxe as leis non per-

miten –explica Carlos Almeida, avogado experto en dereito e internet–. Queren que se acabe coa inviolabilidade das comunicacións ou poder pechar páxinas sen intervención xudicial e o que di a Constitución, no seu artigo 20, é que calquera publicación só se pode secuestrar mediante orde xudicial”. Almeida vai máis aló na súa explicación: “O Código Penal establece que un funcionario público que secuestre publicacións ou intente introducir censura previa está cometendo un delito”.

Mais non só as liberdades perigan, senón a neutralidade da Rede, é dicir, o principio segundo o cal todos os datos que circulan polas estradas da Rede han facelo sen sufrir discriminacións e en igualdade de condicións, independentemente da súa orixe: “Dende o momento en que permite que unha autoridade administrativa, unha operadora telefónica ou unha sociedade de xestión intercepte as comunicacións electrónicas e se invada a privacidade do usuario sen un permiso xudicial, a neutralidade da Rede está rota porque xa tes xente controlando un tipo de información, e non é algo libre”, explica Vítor Domingo, presidente da Asociación de Internautas.


## É ilegal o intercambio de arquivos?

“Se es legal, es legal”, rezaba a campaña institucional coa que, hai uns meses, o goberno estatal pretendía convencer á cidadanía da ilegalidade do intercambio de arquivos

protexidos por dereito de autor a través das redes P2P. A campaña foi desmontada polos colectivos de internautas en cada un dos puntos que constituía o seu decálogo e levada aos tribunais, nun proceso contencioso administrativo que aínda segue sen resolver.

Hoxe por hoxe, a descarga de arquivos P2P en España non é delito a non ser que se faga con ánimo de lucro. Está amparado polo dereito de copia privada e, polo tanto, non é posibel castigalo pola vía penal. Así o determina a propia Fiscalía Superior do Estado en 2006. Pode ser considerada, iso, si, un ilícito civil. Nese caso, vulneraría a lei a ou o usuario que comunicase publicamente a obra pero, para obter os seus datos, as entidades de xestión de dereitos de autor e os titulares deses dereitos terían que conseguir dos provedores de servizo de internet a súa identificación. E iso, coa lexislación actual, non é tampouco factíbel, pois para intervir comunicacións electrónicas é preciso que haxa delito.

Pechada a vía penal e a civil para perseguir a descarga de arquivos protexidos por dereitos de autor, queda só unha posibilidade: que sexa unha autoridade administrativa a que sancione a infracción. No estado español non existe, pero podería existir. A Lei para o Impulso da Sociedade da Información, de feito, abre esa vía. “Se ben na LISI está claramente establecido que a disposición a terceiros de arquivos que non che pertencen é un ilícito polo cal unha autoridade



T  
redes cívicas

administrativa che podería cortar o acceso a internet ou o acceso de almacenamento, esa comisión administrativa non se define na lei. O que propomos é que se desenvolva", explica Joan Navarro, director da Coalición de Creadores e Industrias de Contidos.

Así as cousas, a decisión europea foi mal recibida polos titulares e xestores de dereitos de autor: "A transposición da recomendación europea significaría que estariamos xudicializando, criminalizando e penalizando a desconexión en España" –afirma

Navarro– "Tería unhas consecuencias de carácter xudicial terríbeis, porque habería que establecer o delito e condenar a anos de cárcere, establecer una indemnización, e ordenar o corte".


### Intereses enfrentados

O debate sobre os dereitos de autor é escenificado como enfrentamento entre creadores e público. Porén, Carlos Sánchez Almeida advirte que, en realidade, estamos ante un tirapuxa de intereses económicos "entre dous modelos distintos: por un lado os

produtores do pasado e, por outro, uns novos intermediarios que xorden en internet, as empresas de telecomunicacións". O que está en xogo, sinala, é como se reparten o pastel.

No Estado, as negociacións, recentemente frustradas, entre operadoras de telecomunicacións (RedTel) e a Coalición de Creadores e Industrias de Contidos, baseáronse en tres bloques. Por unha banda, o reparto da cadea de valor en internet, centrada na creación de novos servizos nos que o usuario puidese adquirir produtos sometidos a dereitos de

The advertisement features a large, bold question in the center-left: "IMOS A EUROPÁ, VÉS?". Below it, a smaller text reads: "CON GALIZA, OUTRA IDEA DE EUROPA! ANA MIRANDA". To the right is a portrait of Ana Miranda, a woman with long dark hair, smiling. In the top right corner is the logo for BNG (Bloque Nacionalista Galego), which consists of a stylized five-pointed star inside a triangle, with the letters "BNG" below it. The background is white with some faint, illegible text at the bottom left.



autor con garantías de calidad. "Non hai tendas con garantías e con produtos de calidade en internet, non te podes subscribir a servizos que che ofrezan entretemento a prezos razonables e con calidade, como ocorre en Francia e Estados Unidos –afirma Joan Navarro–. Ese atraso en España é porque o investimento en internet vai ao tráfico, ás operadoras, que son as que están levándose o volume de negocio". En segundo lugar, tal e como segue a explicar Navarro, unha serie de medidas que inclúen campaña educativa, a creación dun gran portal de contidos legais na Rede e un selo que os identifique. E, por último, e coa colla-

boración do goberno, a sanción ás descargas gratuitas. Porén, as operadoras negánsenlle a que a sanción final ao usuario poida ser a redución do ancho de banda ou a interrupción do servizo a internet. E é que, até o de agora, a industria das telecomunicacións precisamente usou o gancho das descargas para vender mellor os servizos de banda ancha.

Máis aló do debate puntual arredor das P2P, a ruptura da neutralidade da Rede, apuntan voces expertas, abriría a vía a outras portas de negocio futuro para as operadoras. As posibilidades estenderíanse como un saboroso doce. Aberta a caixa de Pandora, e segundo Enrique Dans,

poderían cobrallle a unha empresa para que os seus bits foran más rápidos cos doutros e limitar o acceso á Rede do usuario en función dos paquetes de contidos que adquirise, ou mesmo, tal e como exemplifica Almeida, eliminar determinados servicios que non lles interesaran, como a telefonía IP

### A quadratura do círculo

"A sociedade da información cambiou o sentido de moitas cousas. Están intentando encaixar un círculo tecnológico nun molde lexislativo cadastrado e non pode ser", explica Manuel Casal Lodeiro, consultor de proxectos en Internet e ciberactivista. Nese molde non encaixa, pois, aplicar unha lexislación de dereitos de autor e unha industria cultural que non teña en conta o desenvolvemento das novas tecnoloxías: "As normas que regulan os dereitos de autor foron desenvolvidas nunha época na que internet non existía e para protexer ao copista. Na época actual unha copia é algo sen valor. Intentan protexer un modelo de negocio que quedou anticuado", sinala Dans.

"A xente está asumindo que isto é unha protesta da sociedade civil e absolutamente política, que está unindo a persoas de ideoloxías moi diversas", afirma Vítor Domingo dende a Asociación de Internautas, días despois de teren xuntado en Madrid a varios centos de ciberactivistas a prol do seu manifesto polos dereitos cívicos, a universalidade e a neutralidade da Rede. "A Rede é incontrolábel", sentencia Enrique Dans. O campo non ten límites, á Rede será difícil poñerlllos.